

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER o expediente tramitado de contratación administrativa de servizos de esparcemento, cursos, mantemento e limpeza da piscina municipal de Sigüeiro e cafetería durante a tempada 2009 (expediente de contratación nº 2009/17).

CONSIDERANDO que con data de 15/05/2009 foi adxudicado provisionalmente o contrato á empresa BRÉTEMA, S.L.

LOGO DE VER que a empresa presentou a documentación requirida no artigo 16 do preg-tipo de cláusulas administrativas que rixe o contrato.

De conformidade co establecido no artigo 135 da Lei de Contratos do Sector Público e en uso das facultades que me confire o artigo 185.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, con esta data **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Adxudicar definitivamente o contrato a BRÉTEMA, S.L. por ser a única proposición admitida á licitación que responde aos criterios de adxudicación e ser economicamente máis vantaxosa para o Concello polo seguinte prezo:

- A) Organización de eventos deportivos, culturais e recreativos.  
Curso de natación: 802,50 €/monitor
- B) Mantemento das instalacións: 4.698,00 €/mes
- C) Canón ofertado pola explotación da cafetería: 600 €/mes

**SEGUNDO.-** Compromete-lo gasto por importe de 21.963,50 euros con cargo á partida 452.227.11 do vixente orzamento municipal.

**TERCEIRO.-** Proceder á publicación deste acordo no perfil do contratante do órgano de contratación e notificar o presente acordo ao adxudicatario para proceder á formalización do contrato no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva, así como aos demais licitadores coa indicación dos recursos que procedan.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, D. Manuel Mirás Franqueira. Oroso, vinte e nove de maio de dous mil nove.

O alcalde-presidente

Asdo.: Manuel Mirás Franqueira

Ante min, secretario

Asdo.: Dalmiro Núñez Méndez

